

Día da muller traballadora

O Sexismo na Escola

Asociación Galega da Muller (A.G.M.)

Non fai moito tempo a Asamblea de Mulleres Ensinantes de Barcelona presentou un proxecto sobre o denominado "O libro lila do cole". A súa finalidade principal é:

Denunciar a escola como institución básica que oculta, e, á súa vez lexitima un sistema de comportamentos, actitudes e valores, contidos sexistas, discriminatorio, é dicir, agresivos coas mulleres.

A escola lexitima o sexismo, porque entre outras cousas, ensina contidos que só teñen en conta o punto de vista androcéntrico, defende os valores masculinos como universais e permite que se sigan considerando as actitudes, os roles de cada sexo como naturais, espontáneas e innatas.

Prepara as mulleres para unhas papeis e comportamentos e ós homes para outros.



A visita do doutor.

Somos críticas coa linguaxe porque é discriminatoria coa muller, a oculta e a desprezia:

A) A linguaxe discrimina a muller: Cando se alude a un grupo de seres diferenciados sexualmente emprégase caseque sempre o masculino: p.e: "os alumnos" nunha clase de 20 mozas e tres mozos. Si analizamos cando se utiliza o masculino e o femenino diferenciados, esta diferenciación serve para seguer discriminando a muller, non para valorala: p.e: os médicos e as enfermeiras, os xefes e as secretarias, ¿ou é que non hai mulleres médicas e xefas, e homes enfermeiros ou secretarios?

B) A linguaxe oculta a muller: A linguaxe dos libros de historia exclúe olímpicamente as mulleres: "En Atenas todos os cidadáns votaban", "A Revolución Francesa proclamou a liberdade de todos os homes ante a lei"...¿Acaso isto inclúe ás mulleres? ¿acaso votaban as mulleres en Grecia ou conseguiron a igualdade tras a Revolución Francesa?

C) A linguaxe desprezia as mulleres: No dicionario atopamos: p.e: "verdulero", hombre que vende verdura; "verdulera", desvergonzada.

Nos sinónimos "hombre", persona, sujeto activo, varón, macho; "mujer", cónyuge, costilla, puta, ramera (Anaya).

Para ter en conta

Presencia das mulleres entre o profesorado:
Preescolar 94%; EXB, 62%; C. inicial 80%.
C. Superior 46%; BUP 47,92%; FP 24,5%; Universidade 25%; Escolas universitarias 31,5%.
E. Técnicas Superiores 9,5%.

Para reflexionar

"As nenas son espabiladas".
"Os nenos son intelixentes".
"As nenas son dóciles, maduras, detallistas".
"Os nenos son violentos, inmaduros...".
"Que sirvan as nenas rompen menos pratos".
"Que suban os pupitres os nenos...".

As agresións sexistas no marco escolar

Nos primeiros anos de escolaridade (parvulario, ciclo inicial...) podemos observar unha serie de condutas escolares referidas ó sexo que non están tipificadas como agresións.

A partir dunha certa idade e conforme se van consolidando os distintos roles aparecen agresións que aínda que non se pode dizer que son sexuais porque non afectan ó sexo, si que se pode dizer que son sexistas posto que ten un claro compoñente discriminatorio para as nenas. Tense constatado por estudos feitos ó respecto que os nenos agreden mais que as nenas, e no caso de ser eles os agredidos, responden na maior parte dos casos a agresión recibida; as nenas pola súa parte non responden con outra agresión na totalidade dos casos nos que son agredidas, pero si demandan axuda dos profesores en mais ocasións que os nenos.

A actitude do profesorado diante das agresións pode tomar dúas direccións, unha delas é a tendencia de rechazo as demandas de axuda, e noutra a tendencia a sancionar especialmente as agresións dos nenos, co cal estase transmitindo a mensaxe de que se trata dunha agresión entre non iguais.

Por outro lado compre reseñar a actitude do profesorado que incide directamente ou potencian as agresións cara ás nenas, temos casos ben claros como son os comentarios despectivos en torno a vestimenta ou maquillaxe das alumnas, con alusións públicas tais como: "isto parece un desfile...", "¿hoxe é entroido...? ¿cómo vas tan pintada...?. Xunto con estas actuacións existen outras demasiado frecuentes que tenden a culpabilizar ás nenas dos ataques recibidos por ex.: "si non levases minisaia, non se meterían contigo...", actitudes que fomentan nas alumnas a aceptación das agresións como algo natural, froito da súa provocación.

Na adolescencia existe unha clara conciencia das desigualdades moza/mozo en diferentes terreos, e unha clara aceptación e defensa dos distintos roles que elo comporta.

O concepto de agresión sexual nestas idades está moi ben definido e abarca tanto as agresións físicas como as psicolóxicas. Moitas das agresións verbais que se realizan para ridiculizar ou insultar ás mozas pódense referir ó seu aspecto físico ou á súa capacidade intelectual. As reaccións das alumnas diante das

agresións dependerá de se o agresor é profesor ou alumno, facendose moi difícil responder activamente no caso de que o agresor sexa profesor.

Preguntados mozos e mozas sobre cais son os motivos polos que os mozos agreden ás mozas:

-as mozas din: "fanno para facerse os homes", "porque a sexualidade é un tema obsesivo para eles".

-os mozos pola súa parte din: "as mozas son mais débiles" ou "que a íles se lles educou así" ou "non está mal visto que se lle toque o cu a unha moza".

Os mozos non agreden a todas as mozas indiscriminadamente, senon que escollen aquelas que son mais atractivas, "están mais boas", co cal as mozas interiorizan esta agresión como unha autovaloración delas mesmas, o que fai moi difícil a capacidade de resposta.

Por todo isto e por moitas mais cousas que quedan no tinteiro é preciso resaltar a importancia de que as ensinantes desenrolan un traballo de reflexión e cuestionamento do sistema escolar no seu conxunto, polo papel que iste cumpre na conformación da personalidade diferenciadora e a perpetuación das desigualdades entre mulleres e homes.

Educación e información sexual

Se partimos do principio de que a saúde leva consigo o benestar psíquico e social é necesario que cada persoa viva a gusto co seu corpo e coa súa sexualidade. Os sentimentos inculcados na nosa infancia sobre o tema, son o suficientemente fortes como para obstaculizar e pór dificultades a un feito humano tan natural como o respirar, que nos é dado para ser fonte de pracer e non de conflitos.

Vivir unha sexualidade pracenteira supón algo

mais que a introducción dun pene nunha vaxina. Facer o amor é bicar, acariciar e disfrutar de moitas sensacións.

Pero ¿qué funcións cumpre a sexualidade?. Aínda sendo difícil enmarcala nunhas cantas palabras podemos permitir, para aclararnos, que a sexualidade cumpre tres funcións esenciais:

-relacional; como expresión de afecto e comunicación.

-recreativa; como xogo e divertimento.

-reproductiva; ter fillos.

Até hai pouco e aínda agora, a función reproductiva era a que xustificaba as relacións sexuais. E unha maneira moi cativa de concebilas. As persoas deberíamos facer o amor por pracer e desexo de comunicar afectos cos nosos corpos, compartindo os participantes o nivel de relación no que nos desenvolvemos.

Educación e información sexual

Eva Moreira Fontán

Publicamos neste número especial sobre a muller o artigo "Educación e información sexual", que tanta polémica suscitou no Instituto Politécnico "A Carballreira" da nosa cidade, con motivo da súa publicación na revista G.U.A.P.A. elaborada polo alumnado do centro. Incluímos o artigo nestas páxinas co propósito de desdramatizar unha realidade tan cotidiana como debe ser a educación sexual, posto que o tono e as ideas que nel se recollen responden a concepcións actuais defendidas, entre outros organismos, pola OMS e a UNESCO. A autora, Eva Moreira Fontán, era alumna do citado centro no momento da confección da revista; na actualidade é estudante de segundo curso de Pedagogía no Colexio Universitario.



A educación sexual na familia

A educación sexual comenza dun modo imperceptible, dende os primeiros días da vida. Sexa cal sexa a ideoloxía, os pais educan sexualmente aos seus fillos, principalmente ao traveso do contacto corporal, da linguaxe do corpo.

A maneira que teñen os pais de soste ao seu fillo, o xeito de falarlle, de alimentalo, a actitude dos pais ante os goces autoeróticos do neno e a exploración do seu corpo, implica xa unha educación sexual, pois expresa a concepción que estes teñen do pracer en xeral. Hai toda unha educación sexual derivada do clima familiar e entorno que respira o neno. As expresións de desexo, pracer e afecto entre os pais, transmítese automaticamente ao neno e á nena. Pesan mais na súa educación as actitudes e comportamentos observados que os principios impostos por estes.

Non se pode aillar tampouco a educación sexual da afectividade total dos fillos senon integrala no conxunto da vida psíquica-intelectual-sentimental e física da persoa.

Segundo estudos feitos, un neno ou nena comenza a interesarse polos seus órganos sexuais, facendo normalmente comparación entre ambos os dous sexos. Fai preguntas comenzando unha nova etapa: a da información sexual.

A educación sexual na Escola

O clima e o orden social determinan as actitudes dos pais, mestres e de nós mesmas as rapazas, que se nos ofrece un futuro cada vez mais restrinxido, dependendo do noso esforzo o abrir camiño; e dentro desta situación sigue existindo a odiosa "diferenciación": nun principio, non existe distinción no tipo de materias académicas a estudar por homes e mulleres (sí no trato, nos textos, nas competicións deportivas, etc.). A pouca ciencia que as rapazas elixen indica unha preferencia aparente (de quen?) polo humano e tanxibel (bioloxía, clínica, etc.). O posto abstracto e teórico, todo está ligado aos obstáculos postos ás habilidades das rapazas. Pero si os rapaces teñen unha ocupación, "o seu traballo", as rapazas teñen dous, constantemente recordadas nas aulas: entréñanos para facer algo (sempre relacionado femininamente, secretario, traballo fabril, clínica, etc.) e se nos educa para ser alguén: esposa ou nai (recordemos o uso que se lle dá á palabra vocación); tamén empéñanse en suxerir que si te vai mal nos estudos é por que eres diferente: eres muller.

A comunicación do corpo

Ate hai pouco, o criterio seguido para decidir o normal e anormal en sexoloxía era principalmente relixioso e cultural, xustificando a sexualidade polo seu aspecto reproductivo (o pracer era inmoral e vicioso, como o é tamén a masturbación e a homosexualidade por non estaren orientados a este fin).

A sexualidade non se almacena en órganos xenitais, nen se limita á vivencia do orgasmo, senón que todo o corpo participa dela. A pel é o principal órgano sexual a traveso do cal o teu corpo é capaz de sentir, expresarse e gozar. A caricia é un bon meio para expresar as emocións e os sentimentos, con ela pódese expresar dende amor e ternura até rexeito.

A mensaxe do corpo é tamén moi importante para liberarnos de certos bloqueos. A represión dos desexos e sentimentos inscribese no noso corpo en forma de contracción muscular e rixidez. Estes bloqueos poden ser levantados a traveso da mensaxe corporal, permitindonos non somentes liberar o propio corpo senón tamén dar saída libre á expresión das nosas emocións.

Proxecto "O libro lila do cole" (os dereitos das alumnas)

O "libro lila do cole" é un documento de traballo e reflexión en torno os dereitos das alumnas. Elaborado por mulleres ensinantes o seu propósito é fomentar o debate sobre a problemática da muller nos centros de ensino. Parte da importancia que ten a institución escolar na socialización das persoas, na adquisición da identidade e dos distintos roles sociais. Se a escola reproduce e lexítima situacións de discriminación respecto da muller, se presenta como o espazo máis apropiado para propoñer análise, reflexións, debates e liñas de acción que permitan superar o problema do sexismo.

A imposibilidade de publicalo proxecto na súa totalidade obliáganos a facer unha labor de selección. Presentamos, pois, as bases nas que se sustenta, algúns interrogantes que pretenden suscitar a modo de revulsivo, e varios dos dereitos que contemplan como proposta de debate.

Esperamos que esta orixinal proposta posibilite reflexións tanto en torno a problemática do sexismo, como en canto a maneira de introducir este tipo de cuestións nas nosas aulas.

As suas bases

* As alumnas teñen dereito a reclamar dereitos

específicos, porque, por circunstancias sociais e históricas, están sometidas a discriminacións específicas.

- * Tais reivindicacións non lesionan, en ningún aspecto, os dereitos dos alumnos, pero si cuestionan os seus privilexios.
- * Falamos de dereitos e non de deberes porque as obrigas defínense "convenientemente" nos claustros "de profesores", a institución escolar e a sociedade en xeral.
- * As alumnas teñen dereito a un ensino non sexista. O sexismo e a diferente consideración dos sexos en detrimento da muller.
- * Un ensino non sexista non significa simplemente un ensino que non imponha o papel tradicional da muller ou que se limite a calar sobre estes temas. Un ensino non sexista é aquel que denuncia e destrúe a ideoloxía sexista instalada en libros de texto, mentalidades e comportamentos da institución escolar.
- * As alumnas teñen dereito a un ensino que non valore o masculino como o normal, a norma a seguir. Elo néganos a nosa identidade como mulleres e discrimínanos precisamente a través da cultura.

Algúns dereitos... das nosas alumnas

- As alumnas teñen dereito a rexeitar que se lles imponha a sumisión, a docilidade ou a pasividade ou que se lles fomente a inseguridade.
- Ninguén ten dereito a dicir que amosalos sentimentos, a sensibilidade ou a tenrura sexa sinal de debilidade ou soberbia. Polo mesmo ninguén ten dereito a dicir que amosar rebeldía, indignación, ou firmeza sexa sinal de masculinidade.
- As alumnas teñen dereito a saber que a maternidade e unha opción que como mulleres poden tomar no momento que máis lles conveña, personal, intelectual e profesionalmente.
- As alumnas teñen dereito a rexeitar o uso de tópicos e frases feitas que resultan ofensivas para a muller, por máis que o seu uso na linguaxe cotián as faga parecer inocentes.
- As alumnas teñen dereito a denunciar a ocultación da muller na linguaxe escolar e a reivindicar a súa presenza. Teñen dereito a:

Estar, existir en todas as asignaturas

- + preguntar pola situación da muller en calqueira época histórica.
- + ser informadas da consideración da muller en filosofía, ética.
- + coñecer a realidade actual da muller en xeografía económica e humana.
- + analizar o tratamento da muller pola ciencia, arte, relixión.
- + coñecer ou aprender nas clases de idioma estranxeiro a utilización do fiminino ca mesma intensidade que o masculino.
- As alumnas teñen dereito a que en ningún aspecto ou terreo que dependa da actividade escolar se desprece a muller culta. Teñen dereito a que desapareza a imaxe da "fea sabihonda", da científica que fuxe da realidade da vida, da profesional con éxito pero masculinizada polos homes, da escritora castigada a soedade.
- As alumnas teñen dereito a disfrutar do patio e do campo deportivo. Polo tanto poden negarse a esconderse nun rincón cando os seus compañeiros queiran xogar ó fútbol.
- As alumnas teñen dereito a que lles ensinen que non están "por natureza" condicionadas a ocuparse do traballo doméstico, nin máis capacitadas para facelo que os homes.
- Teñen dereito a reivindicar un amor entre iguais. Entre un ser educado para dominar e outro para depender non pode amor senón lazos de servidume.
- As alumnas teñen dereito a un ensino que posibilite a súa autoafirmación e autoestima.

Elaborado pola **Asamblea de Dones d'Ensenyament** de Barcelona

Vos plantexáchedes algunha vez as situacións de discriminación que vivimos as mulleres dende que entramos no sistema educativo?

- No noso libro escolar figuramos como alumnos.
- Na nosa documentación académica somos nenos, non temos máis que irmáns, sempre nos da clase un profesor e asina os nosos boletíns de notas ó noso pai ou titor.
- Diríxense a nós en masculino.
- As imaxes e o contido dos libros de texto reclámannos dende a infancia, como nais, esposas e amas de casa.
- As definicións do diccionario que fan referencia a nós resultan denigrantes.
- As ciencias "naturais" consideran o noso corpo como unha simple máquina reproductora.
- Cando recibimos educación sexual atopamos identificadas sexualidade e reprodución.
- Os libros non explican o que fixemos as mulleres ó longo da historia.
- As mensaxes de Etica e Relixión perpetúan a dobre moral existente, unha para mulleres, outra para os homes.
- Somos obxeto de agresións físicas e verbais que temos que aceptar como un xeito de relación natural. Se nos rebelamos explícanos que "dende sempre foi así", que "non ten ningunha importancia", etc. Desta maneira foméntase a nosa sumisión e vaise limitando a nosa capacidade de resposta e de crítica.

Vos plantexáchedes algunha vez que esta forma sistemática de ocultar a realidade e inxusta, nos aliena da nosa identidade e nos discrimina. Precisamente a través da Cultura?



NA ESCOLA

Suplemento do ensino de **La Región** (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:

- Xosé Manuel Cid (coordinador)
- Mercedes Suárez Pazos
- Mariló Candedo
- Mercedes González Sanmamed
- Manolita Garrido
- David Cortón

Colabora:

Nova Escola Galega

Maqueta:

Departamento de deseño de **La Región**.

Para solicitar o Proxecto "O libro lila do cole":
 Asemblea de Dones d'Ensenyament
 C/ Gran de Gracia 126 - 080 Barcelona
 "K la Dona"
 C/ Gran Vía 649 - 080 Barcelona

LIBROS PARA LEER (ciclo 12-16)



Literatura non sexista

Cesco, Federica de, "Bajo el viento de la Camarga", Alfaguara; "Libre como el sol", Juventud.
 Cruz, Sor Juana Inés de la, "Respuesta a Sor Filotea de la Cruz", Laertes y "Sonetos y endechas", Labor.
 Donnelly, E, "La media roja", Alfaguara.
 Endé, Michael, "Momo", Alfaguara.
 Filiol, Luce, "María de Amoreira", Sm. ed.
 Frank, Ana, "El diario de Ana Frank", Plaza Janés.
 George, Jean C, "Julie y los lobos", Alfaguara.
 Gripe, María, "La hija del espantapájaros", "El abrigo verde", SM. ed.

LIBROS PARA LEER (ciclo medio)



Bojunga Nunes, Lygia, "El bolso amarillo", Espasa-Calpe.
 Brightfield, Richard y Ron Jones, "El submarino fantasma", Timun Mas.
 Brightfield, Richard y Anthony Kramer, "El secreto de las pirámides", Timun Mas.
 Bruckner, Karl, "Sadako quiere vivir", Noguer.
 Buel, C. y A. Bozwilc, "Clara, la niña que tenía sombra de chico", Lumen.
 Cedar, Sally, "El uniforme maldito", Ed. SM.
 Civardi, Anne y Stephan Cartwright, "Las profesiones", Plaza Joven.
 Gardam, J. y W. Geldart, "Un pony en la nieve", Altea.
 Goytisolo, José Agustín y Juan Ballesta, "La bruja hermosa", Laia.
 Haucke, Ursula, "Me puse bizca", Alfaguara.
 Lastrego, C. y F. Testa, "Juanita en el bosque", Juventud.
 Lindgren, Astrid, "Ronja, la hija del bandolero", Juventud.
 Mahy, M. y Q. Blake, "El secuestro de la bibliotecaria", Altea.
 Matute, Ana María, "Paulina", Lumen.
 Older, Jules, "Juana y los piratas", Altea.
 Packard, Edward, "El tesoro sumergido", "Viajes de ensueño", Timun Mas.
 Reesink, M. y F. Tresy, "La princesa que siempre se escapaba", Lumen.
 Robles, Antonio, "La bruja doña Paz", Miñón.
 Rodari, Gianni, "La tarta voladora", Bruguera.
 Saunders, Susan, "El lodo verde", Timun Mas.
 Turin, A. y N. Bosnia, "Las cajas de cristal", "Los

Halasi María, "Primer reportaje", "La del último banco", SM. ed.
 Korchunow, Irina, "Una llamada de Sebastián", Alfaguara.
 Levoy, M., "Tres amigos", Alfaguara.
 Manzi, A. "El loco", La Galera (col. "Los grumetes").
 Nostlinger, Christine, "Gretchen se preocupa", "Una historia familiar", Alfaguara.
 Paterson, K. "Amé a Jacob", "La gran Hilly Hopkins", "Un puente hasta Therabithia", Alfaguara.
 Platt, Kin, "Chloris y el nuevo padre", Loguez ed.
 Pressler, Mirjam, "Chocolate amargo", "Y por fin habló", Alfaguara.
 Prochazka, Jan, "Lanka", Alfaguara.
 Smuker, Barbara, "Huída al Canadá", Noguer.
 Suttner, Berta von, "Historia de una vida", Imp. Pulcra.
 Woolf, Virginia, "Una habitación propia", "Tres guineas", Seis Barral.
 Zayas, María de, "Novelas ejemplares y amorosas", Alianza ed. "Desengaños amorosos", Cátedra.

gigantes ovejudos", "La herencia del hada", "La mano de Milena", Lumen.
 Turin, Adela y Barbare de Brunoff, "El jardinero astrólogo", Lumen.
 Turin, A. y A. Cesari "El ovillo blanco", Lumen.
 Turin, A. y N. Pazzaglia, "Las hierbas mágicas", Lumen.
 Tusquets, Esther, "La conejira Marcela", Lumen.



Novas

-Saíu á rua o numero 8 da Revista Galega de Educación, editada por Nova Escola Galega, que ten como tema monográfico a socioloxía do currículo. Na presentación deste número, que se realizará en Santiago e Vigo, participarán destacados expertos na Socioloxía da Educación. Estánse facendo xestións para que tamén den algunha conferencia en Ourense.

-A Secretaría da Muller do Sindicato Galego de Traballadores/as do Ensino (S.G.T.E.) acaba de publicar a unidade didáctica "Muller e Reforma Educativa".

-Hoxe ás 6 da tarde, na Escola Universitaria de Maxisterio, dentro das tertulias psico-pedagóxicas sobre preescolar, terá lugar a charla "Autonomía social do neno. Relacións dos nenos entre si e cos adultos", a cargo de Nivardo Pérez Paredes, director da guardería "Arlequín".

-Nas tertulias pedagóxicas organizadas polo Sindicato Galego de Traballadores/as do Ensino (S.G.T.E.) presentarán hoxe ás 8 da tarde, no seu local de Arcedianos 15, o tema "Discriminación se-

xista no ensino. Cambiar actitudes", a cargo de Concha Alvarez Doniz e María do Carmo Martul. Na mesma sesión haberá proxección de audiovisuais. O próximo sábado día 11 ás 11 da mañá, a tertulia tratará sobre "A área tecnolóxica e práctica nas experiencias da reforma", a cargo de Emilio Portabales e Ernesto Sanmartín, profesores dun centro experimental da reforma.

-Nova Escola Galega está a poñer en marcha as campañas "En defensa da Escola Pública Galega" e "Pola Normalización Lingüística", para as que conta cos respectivos documentos elaborados pola asociación.

-O Sindicato Galego do Ensino e a Investigación (S.G.E.I.), integrado na C.X.T.G., acaba de publicar a segunda edición da unidade didáctica "Por unha educación non sexista".

-Continua desenvolvendo-se na Escola Universitaria os luns e mércores, a partir das 6 da tarde, o Obradoiro de Tear organizado pola ASPGP e dirixido pola profesora especialista María do Carmo Ricoi.

GARABULLINO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

